

Tema 1: TES UNHA CARTA!!

Comunicate ! Libros

O abecedario

a	b	c	d	e	f	g	h	i	l	m	n
a	be	ce	de	e	efe	gue	hache	i	ele	eme	ene

ñ	o	p	q	r	s	t	u	v	x	z
ene	o	pe	que	erre	ese	te	u	ure	xe	ceta

O **abecedario** ou **alfabeto** é o conxunto das 23 letras da lingua ordenadas desde o **a** ata o **z**.

Lembre

No dicionario as palabras están ordenadas alfabeticamente.



Tamén hai combinacións de dúas letras que se corresponden cun único son: **ch, gu, ll, nh, qu, rr**.

A lingua propia de Galicia é o **galego**. Tamén se fala e se escribe o castelán.

LÍNGUAS OFICIAIS EN ESPAÑA



Escribimos letra **maiúscula**:

- Cando empezamos a escribir e despois de punto.
- Nos nomes e apelidos de persoas.
- Nos nomes de aldeas, rúas, vilas, cidades e países.
- Nos nomes de montes, ríos, mares e océanos.
- Nos nomes das nosas mascotas.

Escribimos **punto**  ao final de cada oración.

- **Punto e seguido:** continuamos na mesma liña.
- **Punto e á parte:** cambiamos de liña.
- **Punto final:** remata o texto.

A **literatura** é unha parte moi importante da nosa cultura e nela participan moitas persoas (escritores, ilustradores, libbreiros, bibliotecarios...).

Os textos literarios están escritos para que gocemos coa súa lectura e poden ser de tres tipos:

narrativos
(contos, novelas...)

poéticos
(poesías)

dramáticos
(obras de teatro)